

Transparencias do Miño

O lume pode borrar os lugares onde transcorreron felices e tristes momentos da infancia, pero tamén o fai a auga, en forma de descomunal presa, sepultando para sempre o que foi. Fálanos Andrés Pociña do antigo Portomarín ao longo das páxinas de *Nas transparencias do Miño*, a súa primeira novela en galego. E pinta Pociña nela un cadro de paisaxes e xente que vive á beira do río, onde tamén viviu el cando neno. Xente ao lonxe que está hoxe no alto do Cristo; abaixo despuntan só icebergs do auténtico Portomarín que relembra o señor Nicolás, da casa dos Seoane. Trátase, pois, dun retrato nostáxico con pinceladas escuras e brillantes que ten como motivo central o caudaloso Miño. Ao seu carón vai medrando Miro, personaxe central, seguindo o seu cambiante curso. O paso natural das sucesivas estacións provoca baixadas e crecentes nas que se divisan as dúas illas, ao mesmo tempo que transcorren cara adiante as etapas na vida do neno, logo adolescente e máis tarde adulto, nun futuro adiviñable nas últimas páxinas; o tempo das chuvias e o tempo narrativo corren parellos na novela. Así, abre o primeiro capítulo, dá a primeira pincelada, mentando o mes de setem-

*Desde as raíces da infancia
asolagada*

INÉS RUÍZ CORREA

bro e "a chegada irremediable dos cinco meses de gris", presentándonos ás personaxes que agardan a entrada doutra estación máis luminosa para ver as illas, efixies fantasmagóricas, saír dos muros de pedra das casas e comunicárense entre eles. Vemos ao médico, necesario polo seu oficio e admirado polo Nacemento que monta na súa casa, ao mestre, de pasado misterioso e hábitos solitarios, á señora do Pazo da Gravanía, co corpo alí e coa alma na Habana, ás tres vellas señoritas da casa de Leirado, vellas glorias que viven illadas

**UN RETRATO
NOSTÁLXICO, CON
PINCELADAS
ESCURAS E
BRILLANTES,
SEMPRE Á BEIRA DO RÍO**

do resto dos veciños: os pais de Miro, os amigos, como o señor Pepe... Percíbense con trazos vivos ou tenues no marco pictórico e pintoresco, ao fondo séntense as variacións musicais da auga.

Na inocente tranquilidade da infancia todos eles apréndenlle a vivir a Miro ata que descubra outra realidade máis alá do inmediato do pobo: mergullando nés páxinas de libros prestados que le no solaz íntimo do seu río, compañeiro sempre ou pasando polos con-

flitos da adolescencia, nin neno nin adulto, na crecente, cando "a gran carraxe". Momento este que rompe a monotonía, porque os campesiños convértese en avezados mariñeiros e van



aos caneiros atrapar anguías nas ben tecidas redes. Viaxa logo nun barco imaxinario á exótica Cuba e ao mundo adulto, da man da señora do Pazo. Pero aparece á fin a tristura, o afán de algo distinto, sen nome aínda, e busca o "refuxio agarimoso das correntes" para encontrar o amor nas transparencias do río, espello de todo. Última etapa da ruta que acabará noutro lugar, máis alá da infancia e do pobo. Pociña descríbenos o vello "locum Portomarini" con sensibilidade cadenciosa, nunha viaxe de ficción ao pasado da súa propia infancia asolagada, que rescata para nós nas páxinas molladas deste libro, salpicado de gotas poéticas: "Coma na herba noviña ou na frol da i-auga, eu quero oír o teu silencio nena. Un silencio estrelado de surrisas, no que os teus ollos señan dous barquiños ancrados. Eu, solo, o mariñeiro. Unha fonda alegría nas velas brancas, dondas, - palabras que inda gardan o aquel da frol de liño-agardando a mañá en que deixe os meus portos e ceguiño me embarque capitán dos teus ollos veleiros." Palabras en boca do vello adolescente namorado.

POCIÑA, Andrés, Nas transparencias do Miño, Edicións Láióventó, Santiago de Compostela 2005, 117 páxinas.